

Pedazos de vida

Para seguir bailando

Autor: Francisco X. Fernández Naval.

Edita: Xerais. 152 pp.

Está xa na rúa a nova achega de Francisco X. Fernández Naval, que neste caso escolleu o formato da narrativa breve. Os dez traballos de que consta este título deixan ben claro o dinamismo deste formato narrativo, ou, o que é o mesmo, paten-tizan a ansia de liberdade das ataduras xené-ricas por parte do autor. Se o conto se enten-de como o despregamento dunha estrutura pechada na cal o narrador sabe, cando inicia a narración, como vai ser o seu remate (fronte ao relato, no cal as fronteiras, tanto de inicio co-mo de peche, se manteñen abertas), aquí o autor demostra un absoluto dominio da histo-ria contada, mais deixa a porta aberta para que o lector non o interprete así senón como un fragmento de realidade. Algo así como os elos dunha cadea. Cada un deles representa unha estrutura autónoma e pechada, mais todos forman parte dunha macroestrutura con sentido propio. Mesmo non sería raro pensar que *Para seguir bailando* é unha novela, unha novela fragmentaria sobre o noso tem-po. Pois a sucesión de elos, ou fragmentos ou relatos, tamén convida a esta perspectiva, so-bre todo porque a sociedade re-tratada sempre é mesma.

A vontade experimentalista está presente en todos os rela-tos, notándose máis nuns ca noutros e sobre todo a medida que se vai lendo, porén non é ese afán o que guía ao autor, porque a finalidade primordial é retratar a sociedade, unha so-

cidade en certa maneira in-temporal mais que podemos moi doadamente identificar coa actual.

Non de maneira casual o li-bro vén encetado por “Noite de pallabarro”, historia dos mora-dores dunha casa abandonada. Manuel Rivas ten razón en *Ola-pis do carpinteiro*, o que somos e o que facemos queda na me-moria das cousas. Non se perda a dimensión da casa como me-táfora. A obra continúa con “Noite de clorofromo” ou a difi-cultade para saber quen é quen realmente. “Contemporáneos I” recunca no abandono, é o re-lato de como o apicultor e a ir-má foron quedando sos, relato que reivindica a natureza. Se-gue despois con “A vida secreta de L.”, agora é a figura da muller a que ben pode ser símbolo de Galiza, esa muller á que todos desexan e á que ninguén deixa decidir sobre o seu propio futu-ro. E, xa nun lugar medianoiro, chega “O escriba e o capitán”. Conversa entre un guerrilleiro e un escritor, que publicou unha novela sobre o mundo do gue-rilleiro mais sen darlles voz aos guerrilleiros. Lembra a *Xela-monite* de Luís Paradelo, moi-to. Ao final dunha vida en con-tacto coa natureza, hai implíci-ta unha filosofía política de amor ao país. Preciosas descri-cións. Narrado con moita habi-lidade.

A segunda metade do libro chega con “Ovos de serpe”. Un tipo atopa cousas escritas na marxe dos papeis do traballo. Chegará a non saber se o que quere é esclarecer a verdade deste niño de intereses cruza-dos ou afondar no coñece-mento de Vitoria, a secretaria. Ou as dificultades para esta-blecer a verdade, cal verdade. “A noite de Ith” tráenos outra procura, as personaxes sem-pre andan á procura. Inma e Lestón desaparecen, os dous teñen relación coa Torre de Hércules, son vidas frustradas. Quizais decidiran unir forzas nunha procura común. Hai unha suxestión de asasinato tamén. Pode que Lestón fora asasinado. Entra en xogo quen

escribe o relato, o ex de Inma. “Contemporáneos II” pon na mesa as angueiras do escritor que se sente como un ente do-tado de entendemen-to, mais de mobilidade reducida, fascinado polo acontece ao seu redor, para el as pala-bras adquiren un valor que pode semellar so-bredimensionado, mais que é o seu valor real. E nin el está libre da traxedia. “Margot e a noite”, así se chama o noveno relato, é un-ha celebración da vi-da, da vida no exilio, na que se fala de Rosalía de Castro, de ci-nema, dos corpos, de prendas de vestir, de relacións familia-res, de relacións afectivas, de tango e noites, e de como nós somos as nosas circunstancias. Antecede ao remate, que che-gará con “Para seguir bailan-do”; relato consistente nunha carta a unha cronopia ou a Ju-lío Cortázar e o mundo do real,

do fantástico e do cotián; tres mundos que tamén se mestu-ran no relato de Fernández Naval; a dimensión letresca da vida, que non podía faltar e xa viramos en “Contemporáneos II”. Como libro de relatos, a variedade é unha das súas característi-cas. Inclusive en canto á calidade da redac-ción, na que por veces se observan deficien-cias, pouco coidado. E tamén como libro de relatos que é, ofrece dúas posibilidades

lectoras: a de cada relato en si, lectura illada, e a de todos os relatos en conexión. Ningunha é mala, nunca unha lectura é mala, mais a primeira resulta deficiente, empobrecedora, e só a segunda se pode dicir que sacia todas as sedes, máis ben inicia ese proceso que, igual que no coñecemento de cal-quera de nós, nunca remata. ●

Xosé M. Eyre



Francisco X. Fernández Naval.



XAN CARBALLA